

circuitos culturais

MONDOÑEDO

Banda
Municipal
de Ribadeo

1996

27 de XULLO
ás 23:00 horas
na Praza da Catedral

Banda Municipal de Ribadeo

O programa da boa conta do que quere ser, do que é xa, a Banda Municipal de Ribadeo: a plasmación pública dunha concepción da práctica amater da música donde prima o colectivo e donde se fai conviver, artisticamente, o lúdico e o instructivo. Até a sociedade temos proclamado a nosa fuxida dunha pouco asumíbel tradición: as dianas, alboradas, e desfiles ate partir os beizos, até que o incidental trascende á propia música. Que pintan Sibelius e Shostakovitch aí chegados? Aos xóvenes compoñentes da Banda Municipal de Ribadeo góstanlles interpretar, por exemplo, a Dvorak, e non coidan que facelo a partir dun amaño para afeizoados da súa popular Sinfonía do Novo Mundo incomode ao barbas checo. Non están facilitadas, senon brillantemente transcriptas, as páxinas de Sibelius e de Wagner tamén incluídas no programa: preparar Finlandia foi un reto para a Banda e para o seu director, e o coro de Peregrinos de Tannhäuser figura no repertorio da Municipal ribadense desde a súa presentación pública en Xaneiro de 1992.

Coa morriñenta Suite de Fados de Artur Ribeiro Dantas presentouse a Banda en Lisboa e Lourdes o pasado ano; coa Pavana in Blue de Ted Huggens rachou esquemas máis unha vez ao incluír no conxunto guitarras eléctricas; que ninguén resista a tentación de se mover co Mambo Jambo, e márguense un paso-dobre con Churumberelías: ollo!, un paso-dobre con moito swing...

CHURUMBERELAS (Paso Dobre)
E. Cobrián Ruiz

TANNHÄUSER (Coro de Peregrinos)
R. Wagner

SINFONÍA DO NOVO MUNDO (Arr. do IV mov.
cita do II)
A. Dvorak

FINLANDIA
J. Sibelius

SUITE DE FADOS
Artur Ribeiro Dantas

O SEGUNDO VALS (Da Suite de Jazz nº2
D. Shostakovitch

PAVANA IN BLUE
Ted Huggens

MAMBO JAMBO
D. Pérez Prado

Hernán Naval
director